



AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO DE 1º e 2º PRIMARIA PARA O CURSO 2019/2020

ORDE do 3 de maio de 2019 publicado no DOG Nº 94, do luns 20 de maio de 2019 (pax. 24042 ata 24079).

DESTINATARIOS:

- Alumnado que no curso 2019/2020 este matriculado en 1º e 2º de Educación Primaria.

REQUISITOS:

- Ser pai/nai/titor/a legal dun alumno/a matriculado nun centro sostido con fondos públicos.
- Ter unha renda per cápita igual ou inferior a 9.000 euros. O cálculo da renda per cápita realizarase da seguinte forma:
 - Datos do exercicio fiscal 2.017.
 - Sumaranse os recadros 415 e o 435 de cada un dos membros da familia que teñan ingresos.
 - Dividirase o resultado da suma anterior polo número de membros da unidade familiar a 31/12/2017.
 - No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola AEAT.

SOLICITUDES:

- As instancias poderán obterse nos centros, nas xefaturas territoriais da Consellería, no portal da xunta <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED330B> así como na páxina web do colexio: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexacalo/>.
- A solicitude será única para todos os fillos e para todas as axudas, **unha única solicitude por familia**.
- As solicitudes serán asinadas polo pai/nai/titor legal así como por todos os membros da unidade familiar, en caso de menores deberá ser asinado por un dos proxenitores, titor/a ou representante legal.
- **Prazo de presentación de solicitudes do 21 de maio ao 21 de xuño de 2019, ambos inclusive.**
- **A finais do mes de xuño, informarase da data de recollida de vales por parte dos pais ou nais.**

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR

- Fotocopia do libro de familia onde figuren todos os membros da unidade familiar. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación a 31/12/2017, deberán presentar un dos seguintes documentos:
 - Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador
 - Certificado de convivencia (empadramento)
 - Informe dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.
- No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán achegar o certificado acreditativo do grao da discapacidade, agás que fose emitido pola Xunta de Galicia, que só se presentará se non autoriza expresamente a súa verificación
- No caso de situación de violencia de xénero, documentación acreditativa.

CONTÍA DAS AXUDAS:

- Renda per cápita ata 5.400 euros 170 €
- Renda per cápita dende 5.400,01 ata 9.000 euros 90 €
- O alumnado matriculado en educación especial, en centros específicos ou en unidades de educación especial en centros ordinarios, ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, a contía das axudas será de 250 € con independencia da Asdo.renda per cápita da unidade familiar.

ADQUISICIÓN DOS LIBROS:

- 1.- Unha vez que a persoa solicitante estea en posesión do vale só poderá adquirir unicamente libros de texto do curso no que estea matriculado
A persoa beneficiaria nunca deberá asinar o vale antes de recibir a totalidade dos libros de texto. A sinatura do vale e a súa entrega implica a súa conformidade cos libros de texto recibidos e, de ser o caso, co importe indicado polo establecemento no recadro para tal efecto.
- 2.- Os vales non poderán ser fraccionados, é dicir, o importe total de cada vale só pode ser utilizado nun único establecemento.

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:

- Destinar o importe do vale para libros a adquirir o libros de texto que indique o centro en que estea matriculado o alumnado
- Respetar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.